



Yolanda Díaz Pérez, Voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida, de conformidade co disposto no artigo 104 do Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol, e co artigo 97.2 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta a seguinte Moción ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte,

Exposición de motivos:

O Grupo Municipal de EU quere chamar a atención sobre a situación de necesidade xerada pola mala organización dos **Centros de Atención ás e aos Minusválidos Físicos** e polo modelo de cofinanciamento dos referidos centros ( CAMF ). No noso país hai un único centro que se atopa no noso concello, sendo un conxunto de 6 para todo o Estado. Estes centros atenden a persoas discapacitadas, caracterizadas por ser grandes dependentes, que necesitan todas e todos eles a axuda dunha terceira persoa.

Os CAMF son centros residenciais que se rexen polo Estatuto Básico dos Centros Residenciais de Minusválidos do IMSERSO ( cunha normativa arcaica, de preto de 30 anos) , que fixa entre os deberes dos beneficiarios e beneficiarias o pago puntual do importe das liquidacións das estancias e dos outros servizos que se establezan. Pagamentos que supoñen o cobro do 75% dos ingresos, calesquera que sexan, percibidos polas e polos residentes. Situación que non se aplica en outros centros do IMSERSO, os cales ofertan outros servizos que resultan dun custo semellante ou aínda maior que o propiamente residencial, caso do Centro Parapléxicos de Toledo ou do Centro de Bergondo. Práctica que supón desbotar calquera criterio progresivo sobre a renda dos e das beneficiarias. A maiores, queremos facer notar que non é xusto o actual modelo tarifario para as persoas obrigadas a residir nestes centros.

O noso Grupo quere salientar que esa modalidade de pago indiscriminado supón, para as moi numerosas persoas que reciben unha pensión non contributiva ou das outras pensións moi baixas, deixar as e os usuarios coa irrisoria cantidade de 100 euros mensuais para ao resto de gastos e para a súa inserción na vida social. Non se nos pode agochar a manifesta imposibilidade material para procurar unha mínima inserción na vida social da comunidade con semellantes cartos.

Xunto con esta cuestión económica hai que referir a precariedade de medios dos centros. No caso do centro de Ferrol, que conta con 110 residentes de todo o Estado só se conta con 2 vehículos adaptados para o transporte dos e das residentes, pero que só atendem desprazamentos oficiais, que non se poden empregar para actividades que propicien a integración social. Case sen cartos e cunha precariedade de medios evidente, a pretendida integración social das persoas con discapacidade física semella entón unha tarefa imposible.

Xunto o antedito, hai unha segunda situación sobre a que o noso Grupo quere botar luz, e que supón un agravio económico entre uns e outros residentes. En datas recentes creouse en Castela e León un novo centro para a atención das minusvalías físicas, que ten como sinal distintivo o seu carácter gratuíto. A nosa organización non entende que criterio se segue para decidir a gratuidade ou non de centros que atendem unha mesma minusvalía. Padece o principio de igualdade.

Corresponde tamén achegar unha ulterior consideración de importancia, que pon de manifesto a mala organización destes centros, que dependen do Ministerio de Sanidade e Políticas Sociais. O devandito centro castelán-leonés publicitouse como residencia permanente e en atención a este criterio houbo unha serie de residentes do centro ferrolán e doutros centros que se trasladaron a aquel. Logo, a realidade amosou que o centro de Castela-León é de estancia temporal, até un máximo de 18 meses. Esta situación xera un importante problema social toda vez que os residentes no centro temporal esgotan o prazo e xa non teñen praza nen no centro de Ferrol nen ningún outro. Subliñar que os traslados se fixeron sen que se advertira aso residentes da condición temporal do centro novo.

En resumo atopámonos cunha mistura superlativa de desorganización, confusión e inxustiza, que ao xuízo do noso Grupo non pode deixar indiferente ao Ministerio nen por suposto ao noso concello.

No que respecta ao concello de Ferrol, este Grupo Municipal considera que o Goberno Municipal pode coadxuvar a mellorar a situación concreta das e dos discapacitados residentes na nosa cidade, mellorando a partida orzamentaria que a Concellería de Benestar adica aos bonos sociais para o transporte das e dos discapacitados no único taxi adaptado que hai na nosa cidade. A nosa organización considera que xunto o incremento da partida adicada aos bonos sociais se terá que conceder polo concello unha segunda licenza de taxi adaptado para desta maneira mellorar un servizo que adoita estar saturado.

Xa que logo, o Grupo Municipal de Esquerda Unida formula ao Pleno do concello de Ferrol a seguinte proposta de ACORDOS:

- 1.- O concello de Ferrol insta ao Ministerio de Sanidade e Políticas Sociais a modificar a actual política de cobro polas estancias nos CAMF, ao obxecto de procurar que o sistema respecte os criterios de xustiza social e progresividade, para desta maneira coadxuvar a necesaria integración social das e dos minusválidos físicos.
- 2.- Que a Concellería de Benestar incremente de maneira significativa a partida adicada aos bonos sociais para o taxi adaptado, para todas aquelas persoas cuxo nivel de ingresos así o xustifique.
- 3.- Que a Concellería de Tráfico realice as xestións oportunas para garantir a concesión dunha segunda licenza para taxi adaptado.

Ferrol, 22 de abril de 2010.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Voceira do Grupo Municipal de EU

